

# REALIZACIÓN DE INSCRICIÓN E REMISIÓN DE RESULTADOS

Tempada 2006 - 2006 - Circular 06-10

A continuación indícanse os procedementos que se deben seguir para a realización de inscricións en competicións empregando o novo programa de competicións, así como para a remisión dos resultados correspondentes á Federación.

## Inscricións

Todas as inscricións serán remitidas por correo electrónico, empregando a base de datos (*ou planiña*) correspondente á competición de que se trate, á Federación, enderezo de correo [inscricions@fegan.org](mailto:inscricions@fegan.org) dentro do prazo previsto. Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscrición" (informe 3) que o propio programa xera (icona de impresora), en formato pdf (preferible) ou word. Neste documento o club deberá comprobar que a inscrición é realmente a que desexa remitir, así como cubrir os datos de técnico, persoa de contacto, etc.

Remitirase este correo á Federación con confirmación de lectura, sendo **responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción**. En caso de dúbida a confirmación poderá facerse telefonicamente.

En ningún caso se aceptarán novas inscricións, nin modificacións ás xa recibidas con posterioridade ao prazo establecido.

## Resultados das competicións organizadas polos clubs

Os resultados de todas as competicións remitiranse á FEGAN ao enderezo de correo [resultados@fegan.org](mailto:resultados@fegan.org) no arquivo ".res" xerado polo programa, incluírase tamén a base de datos da competición e a carpeta de datos que está en **C:\DATANT\código da competición** (este código pódese ver nas propiedades do campionato). Ademais, no mesmo correo enviaranse adxuntos os resultados en documento pdf (preferible) ou word cos parciais visibles (Informe de resultados por proba en probas individuais e resultados estendidos por categorías ou por idades -segundo corresponda- no caso das probas de relevos) e a ficha técnica da competición. A información requirida enviarase a poder ser, comprimida dentro dun único arquivo (zip ou outro se se acorda entre os destinatarios).

Para a denominación da proba seguirase o sinalado no ANEXO. En canto á sede de celebración, na web da FEGAN están a disposición na sección "piscinas homologadas" o nome oficial das sedes, o que debe especificarse no programa de piscinas nos datos Lugar e Sede, nos dous ponse o mesmo. Ex. A Coruña (Riazor)

Os resultados deberán remitirse dentro do prazo previsto para cada competición, en calquera caso a documentación deberá estar na federación **como máximo o martes posterior á celebración da competición**.

No caso de que os resultados se confeccionen pola federación, o club organizador deberá remitir o antes posible as follas dos cronos xunto coa ficha técnica da competición na forma que se acordase previamente. En calquera caso, a documentación deberá estar na federación **como máximo o martes posterior á celebración da competición**. A federación porá os resultados a disposición dos clubs participantes nun prazo de 24 horas, a contar dende o momento no que se reciba a documentación.

**A ficha técnica da competición deberá remitirse sempre á Federación**, por fax ou correo electrónico. Neste último caso non se requirirá a sinatura do xuíz árbitro, entendéndose a veracidade de dito documento. No caso de que se producise algunha incidencia que se reflecta na ficha técnica, esta deberá remitirse obrigatoriamente por fax e asinada.

O club que incorra nalgún **atraso** na remisión dos resultados das competicións que organice deberá pagar á federación **60 euros**. No caso de **reincidencia** a devandita cantidade será incrementada a **120 euros** (Regulamento Xeral – Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c). No caso de que dita circunstancia se repetise por terceira vez, a Federación encargárase da confección de series e resultados das competicións organizadas por dito club durante o resto da tempada, previo pago dos gastos correspondentes conforme á circular **06-12**.

O club organizador, ou no seu caso a FEGAN, porá a disposición dos clubs participantes (enviando por correo electrónico ou colgando na súa web en lugar de fácil acceso) o arquivo ".res" e documento "word" ou "pdf" de cada competición. A ficha técnica da competición poderá enviarse por fax, por correo electrónico ou colgarse na web do organizador en lugar de fácil acceso xunto coa documentación anterior.

As follas cubertas polos cronometradores permanecerán depositadas no club organizador ou no seu caso na FEDGAN por un período de catro meses, dispoñibles para a súa consulta ante calquera posible reclamación.

### Resultados das competicións celebradas fóra de Galicia

Os clubs que participen en competicións fóra de Galicia (a excepción dos Campionatos de España) deberán remitir os resultados á FEDGAN co obxectivo de rexistralos adecuadamente o antes posible, non superando en caso ningún os cinco días seguintes á celebración da competición. Se os resultados estivesen accesibles a través de internet abundará con comunicar a participación e a web na que se poden recoller.

### Manual programa piscina específico FEDGAN

Na web da FEDGAN está a disposición de todos un pequeno manual (9 páxinas con imaxes) do programa Piscina, específico da FEDGAN no que sinala os pasos para realizar adecuadamente todo o proceso de creación de resultados e o seu posterior envío á FEDGAN.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Secretaría Xeral da FEDGAN

## Anexo

Suxestións remisión de Resultados. O presente documento é unha suxestión para todos os que redactan resultados.

### Formato recomendado para os ficheiros de resultados

O mellor formato a día de hoxe é o PDF, é o máis estándar e non varía cando o abrimos desde outra computadora.

Para poder enviar resultados en PDF é preciso ter un programa xerador de PDF, na web da FEDGAN hai un que é gratuito (PDF Creator).

Ao instalalo crea unha impresora que se chama PDFCreator, e ao imprimir nela o que fai é xerar un arquivo PDF que nos pregunta en que parte do noso disco duro o queremos gardar (igual que se fose un documento do noso editor de textos).

Para xerar os documentos PDF desde Piscina (ou Licenzas) o único que temos que facer é seleccionar a impresora PDFCreator e logo imprimir.

### Nomes dos ficheiros (arquivos)

#### Xeneralidades

**Para formar nomes de arquivos, empregaremos minúsculas sen acentos e o guión baixo para representar espazos.**

Minúsculas: Mellor que os nomes sexan sempre con todas as súas letras en minúsculas.

Sen acentos: non empregar acentos, xa que pode dar lugar e erros, sobre todo cando se descomprimen os arquivos.

Sen espazos: en lugar dos espazos mellor empregar o guión baixo "\_".

Sen caracteres estraños: non empregar parénteses, símbolos de primeiro/a, chaves...

#### Nomes das probas

Para pórle un nome a unha proba suxerimos o seguinte sistema:

orde con dous díxitos\_distancia da proba\_estilo un díxito\_sexo con tres díxitos\_idade se existe.pdf

Orde: a orde será de dous díxitos: 01, 02, 03, 04... isto facilitará que os documentos estean sempre ordenados por orde xa que se comezamos por 1, 2... logo porá o 10 antes que o 2.

Distancia: a distancia será o número da distancia total que se debe percorrer: 25, 50, 100, 200, 400, 800, 1500, 3000...

Estilo: o carácter para representar os estilos será: "l" libre, "e" costas (espalda), "b" peito (braza), "m" bolboreta (mariposa) e "s" estilos. A letra que representa o estilo irá pegada á distancia ex. 100s -> 100 metros estilos.

Sexo: o sexo vai a continuación do estilo separado cun guión baixo e indícase poñendo os tres primeiros caracteres: "mas" para masculino e "fem" para feminino.

Categoría: no caso que na competición participen máis dunha categoría será preciso indicalo. Para indicar a categoría farémolo poñéndoa en minúsculas seguindo a seguinte lóxica: "g1" para a categoría G-1, "g2" para a categoría G-2... e "abso" para a absoluta. Exemplos: 10\_200b\_mas\_abso.pdf -> proba dez, 200 metros peito, masculino absoluto. 45\_4x200l\_fem\_g4.pdf -> proba corenta e cinco catro por 200 libres feminino categoría G-4.

Ano: no caso de que na competición participe máis dunha idade para a mesma categoría, indicáremolo co número de idade seguido dunha "a" por exemplo 10a -> dez anos, 14a -> catorce anos... antes da idade poremos un guión baixo ex. 04\_400m\_fem\_16a.pdf -> proba catro, catrocentos metros bolboreta, feminino 16 anos.

Casos raros: Se nunha competición participasen máis dunha categoría e estas se separasen por idades indicariámolo do seguinte xeito: 02\_50e\_fem\_g2\_11a.pdf -> proba dúas 50 costas feminino categoría G-2 idade 11 anos (esta tempada serían os do ano 95), 03\_50e\_mas\_g2\_12a.pdf -> proba tres 50 costas masculino categoría G-2 idade 12 anos (esta tempada serían os do ano 94)

#### Exemplos:

1 categoría	2 categorías	1 cat 2 idades	1 cat 2 idades	1 cat + 1 cat con 2 idades
01_100e_mas.pdf	10_4x50m_mas_g2.pdf	21_200e_fem_10a.pdf	03_25l_mas_8a.pdf	06_200e_fem_abso.pdf
02_100e_fem.pdf	11_4x50m_fem_g2.pdf	22_100l_mas_11a.pdf	04_25l_mas_9a.pdf	07_400l_mas_g4_15a.pdf
03_200l_mas.pdf	12_4x50m_mas_g1.pdf	23_100l_fem_11a.pdf	05_25m_fem_8a.pdf	09_200b_mas_g4_16a.pdf